<ul style="list-style-type: none"> <li>- As funcións vitais no ser humano.</li> <li>- Función de nutrición. Dixestión, respiración, circulación e excreción.</li> <li>- Concepto de saúde e enfermidade.</li> <li>- Enfermidades infecciosas e non infecciosas.</li> <li>- O sistema inmunitario.</li> <li>- Prevención e tratamento das enfermidades infecciosas: a vacinación e o uso responsable de antibióticos.</li> <li>- Os transplantes e a doazón de órganos.</li> <li>- Hábitos saudables: postura adecuada, dieta equilibrada, exercicio físico, hixiene do sono, uso responsable dos dispositivos tecnolóxicos... Prevención do consumo de drogas legais e ilegais.</li> <li>- Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.</li> <li>- Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: a apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
14	Reproducción e relación	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Comprender o problema e organizar os datos de forma pertinente	PE	60
CA2.2 - Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar estratexias e ferramentas apropiadas para resolver un problema.		
CA2.3 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a coherencia da solución atopada.		
CA2.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Presentar a información co formato axeitado		
CA2.5 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá, mantendo unha actitude crítica.	Analizar a vida cotiá mantendo unha actitude crítica		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA9.4 - Recoñecer e identificar órganos, aparatos e sistemas que participan en cada unha das funcións vitais describindo os principais procesos que interveñen nelas e establecendo o seu papel e importancia.	Coñecer os mecanismos básicos das funcións vitais		
CA10.3 - Recoñecer a importancia da doazón de sangue e órganos valorando a súa mellora na calidade de vida.	Valorar a importancia da prevención da saúde		
CA10.4 - Avaliar os efectos de determinadas accións individuais sobre o organismo reflexionando sobre a importancia de adquirir hábitos saudables como método de prevención de enfermidades.	Valorar a importancia da prevención da saúde		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influenciada polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade		
CA9.5 - recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres respectando a diversidade sexual e promovendo a responsabilidade nas prácticas sexuais seguras.	Respectar a diversidade sexual		
CA10.5 - Recoñecer as drogas, legais e ilegais, considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Valorar a importancia da prevención da saúde		
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconceito positivo ante as ciencias.	Aprender dos erros	TI	40
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Traballar de forma proactiva en equipo		
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Traballar de forma proactiva en equipo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica.</li> <li>- Identificación e formulación de cuestións.</li> <li>- Elaboración de hipóteses.</li> <li>- Comprobación mediante experimentación.</li> <li>- Análise e interpretación de resultados.</li> </ul>

**Contidos**

- Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos.
- Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade.
- Porcentaxes.
  - Comprensión e uso en diferentes contextos.
  - Aumentos e diminucións porcentuais. Aplicación en contextos cotiáns, como rebaixas, descontos, impostos, taxas etc.
  - Toma de decisións a partir da información numérica relevante: consumo responsable, relacións calidade-prezo e valor-prezo en contextos cotiáns.
- As funcións vitais no ser humano.
  - Función de relación. Os órganos sensoriais. Sistema nervioso e endócrino.
  - Función de reprodución. Métodos anticonceptivos e prácticas sexuais responsables.
- Hábitos saudables: postura adecuada, dieta equilibrada, exercicio físico, hixiene do sono, uso responsable dos dispositivos tecnolóxicos... Prevención do consumo de drogas legais e ilegais.
- Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
- Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: a apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe.
- Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
- Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

UD	Título da UD	Duración
15	Ecosistemas e modelado do relevo	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Elaborar representacións que axuden na procura de estratexias de resolución dunha situación problematizada, organizando os datos dados e comprendendo as preguntas formuladas.	Comprender o problema e organizar os datos de forma pertinente	PE	70
CA2.2 - Atopar a solución dun problema utilizando coñecementos, datos e información achegados, estratexias e ferramentas apropiadas.	Atopar estratexias e ferramentas apropiadas para reolver un problema.		
CA2.3 - Comprobar a corrección das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.	Comprobar a coherencia da solución atopada.		
CA2.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Presentar a información co formato axeitado		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Analizar e interpretar información científica e matemática presente na vida cotiá, mantendo unha actitude crítica.	Analizar a vida cotiá mantendo unha actitude crítica		
CA11.1 - Describir o modelado do relevo, analizando os diferentes axentes, procesos e factores que favorecen a formación da paisaxe, investigando o relevo en Galicia e observando a paisaxe próxima.	Comprender a relación entre a xeoloxía e o relevo		
CA11.2 - Clasificar os riscos, empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Coñecer os riscos naturais		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade		
CA10.4 - Avaliar os efectos de determinadas accións individuais sobre o organismo reflexionando sobre a importancia de adquirir hábitos saudables como método de prevención de enfermidades.	Valorar a importancia da prevención da saúde		
CA11.3 - Valorar a importancia da análise dos riscos xeolóxicos externos potenciados por determinadas accións humanas recoñecendo as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos.	Coñecer causas e consecuencias dos impactos medioambientais		
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconcepto positivo ante as ciencias.	Aprender dos erros	TI	30
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Traballar de forma proactiva en equipo		
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Traballar de forma proactiva en equipo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica.</li> <li>- Identificación e formulación de cuestións.</li> <li>- Elaboración de hipóteses.</li> <li>- Comprobación mediante experimentación.</li> <li>- Análise e interpretación de resultados.</li> </ul>

## Contidos

- Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos.
- Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade.
- Porcentaxes.
  - Comprensión e uso en diferentes contextos.
  - Aumentos e diminucións porcentuais. Aplicación en contextos cotiáns, como rebaixas, descontos, impostos, taxas etc.
  - Toma de decisións a partir da información numérica relevante: consumo responsable, relacións calidade-prezo e valor-prezo en contextos cotiáns.
- Hábitos saudables: postura adecuada, dieta equilibrada, exercicio físico, hixiene do sono, uso responsable dos dispositivos tecnolóxicos... Prevención do consumo de drogas legais e ilegais.
- Xeomorfoloxía externa.
  - Axentes, procesos e factores que condicionan o modelado do relevo.
- Riscos naturais.
  - Definición e clasificación.
  - Riscos xeolóxicos externos.
- Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
- Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: a apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe.
- Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
- Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Para a consecución dos obxectivos propónse o uso de metodoloxías propias da ciencia e das tecnoloxías dixitais, abordadas cun enfoque interdisciplinario, coeducativo e conectado coa realidade do alumnado. Preténdese con iso que a aprendizaxe adquira un carácter significativo a través da formulación de situacións de aprendizaxe preferentemente vinculadas ao seu contexto persoal e á súa contorna socioeconómica. Todo iso para contribuír á formación dun alumnado comprometido cos desafíos e retos do mundo actual e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, facilitando a súa integración e a súa plena participación na sociedade democrática e plural.

Para potenciar a motivación pola aprendizaxe de competencias requirense metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras. As metodoloxías activas débense apoiar en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus/súas compañeiros/as e poidan aplicalas a situacións similares.

Un factor moi importante a considerar á hora de deseñar unha metodoloxía adecuada é o feito de que o noso alumnado son adolescentes que se atopan nunha etapa persoal de cambio e inestabilidade emocional. Son inquedos e mostran interese por temas moi diversos, pero cambian tamén moi facilmente o seu foco de atención. Por este motivo, é necesario captar a súa atención, implicándoos na súa propia aprendizaxe, mediante a continua relación dos contidos da materia con temas que sexan do seu interese.

Partindo desa consideración, a metodoloxía empregada levarase a cabo da seguinte forma:

a) Para que a aprendizaxe sexa realmente construtiva é imprescindible detectar as ideas previas acerca dos

conceptos a estudar (avaliación inicial). Para iso, antes de iniciar cada bloque temático, realizarase algunha actividade de detección destes preconceptos.

b) Tratarase de atopar un equilibrio entre a aprendizaxe por recepción e a aprendizaxe por descubrimento. Pódese comezar cunhas explicacións teóricas básicas do profesor, dirixidas a todo o alumnado, presentadas de forma atractiva e útil para estimular ao alumnado. A posterior realización de diferentes actividades de reforzo, afondamento ou ampliación permitirá graduar a complexidade dos contidos e adaptalos á diversidade dos alumnos. A diversidade de intereses e niveis tamén se atende usando diferentes recursos adecuados ó nivel do alumnado: bibliográficos, audiovisuais, contacto con entorno ou as novas tecnoloxías da información e a comunicación.

c) Proporanse actividades variadas e resolución de problemas, cunha metodoloxía activa. Estarán presentadas en niveis de complexidade crecente. Os alumnos comezarán cas actividades de nivel básico. A medida que as superen pasarán a realizar outras de nivel medio ou superior. Aqueles alumnos que presenten dificultades seguirán completando as de nivel básico e reforzando os contidos.

d) O mellor xeito de aprender ciencia é facer ciencia. Lonxe de servir tan só como referente teórico ao que recorrer para explicar as investigacións do pasado, o método científico debe ser utilizado a diario na aula, tanto na elaboración e contraste de hipóteses como na realización de traballos experimentais. Realizaranse tamén actividades deseñadas como investigación, que representen situacións próximas á realidade, e actividades prácticas de laboratorio, que fomenten destrezas manipulativas e investigadoras.

e) Realización de debates, búsquedas de información, traballos en grupo, etc que remarquen a relación entre Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade. Son metodoloxías que permiten traballar os contidos actitudinais e as áreas transversais.

f) Traballos en grupos. O nº de alumnos integrantes do grupo pode variar segundo a tarefa encomendada, e é recomendable que estean integrados por alumnos heteroxéneos no referente a nivel intelectual, participación, motivación, espontaneidade, etc. É conveniente nomear un coordinador do grupo que organice e armonice o traballo do grupo, axudando a resolver as incidencias que podan xurdir.

g) Cada alumno deberá ter un caderno de clase no que recoller de xeito individual o traballo realizado, observacións e apuntamentos, e será obxecto de avaliación periódica.

h) Na medida do posible intentarase incluír actividades que fomenten a interdisciplinaridade co fin de lle ofrecer ao alumno unha visión global e integradora da aprendizaxe, que lle permita establecer relacións entre os diferentes campos do saber.

i) Por último, e aínda que a avaliación da aprendizaxe dos alumnos será continua, ao longo de todo o curso (avaliación formativa), introducíranse varias actividades para a avaliación específica de algúns contidos concretos. Tamén se realizará unha actividade específica ao final de cada período de avaliación, co fin de determinar o grao de consecución dos obxectivos planeados (avaliación sumativa), e ao final do curso se planeará algunha actividade de avaliación do propio proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Utilizarase unha metodoloxía mixta: indutiva e dedutiva.

A metodoloxía inductiva serve para facer a aprendizaxe máis natural e motivar a participación do alumnado mediante o uso de:

- Pequenos debates nos que se tentará detectar as ideas previas, preconceptos ou esquemas alternativos do alumno como produto da súa experiencia cotiá e persoal.

- Elaboración de informes individuais das actividades realizadas utilizando táboas de datos, gráficas, material de laboratorio, debuxos de montaxe e conclusións nas que o aspecto cualitativo teña máis importancia que o cuantitativo.

A metodoloxía dedutiva e o uso de estratexias expositivas-receptivas favorecen a actividade mental como complemento do proceso de aprendizaxe inductiva. Para iso, cada idea, concepto ou feito presentarase cunha experiencia, o máis sinxela posible:

O profesor debe orientar e cualificar todo este proceso, propoñendo actividades nas que sexa necesario consultar diversas fontes de información, datos conflitivos, recoller información fóra da aula e, ademais, fomentar o rigor no uso da lingua.

- En todas as actividades é conveniente reflexionar sobre o feito, recoller o aprendido, analizar o progreso en relación coas ideas previas (punto de partida) e facilitar a reflexión do alumno sobre as habilidades de coñecemento, procesos cognitivos, control e planificación, o propio rendemento, toma de decisións e comprobación dos resultados.

- A intervención do profesorado debe estar dirixida a que o alumnado elabore criterios sobre as súas propias habilidades e competencias en ámbitos específicos do coñecemento e do seu traballo como alumno.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto EDIXGAL
Libros de texto do banco de libros do centro
Fotocopias de exercicios, actividades, problemas
Textos ou fragmentos de textos literarios, xornalísticos, publicitarios, gráficos, etc
Mapas xeográficos, xeolóxicos; planos
Libros divulgativos recomendados aos alumnos
Xogos variados: Puzzles, dominó, cartas
Compás e regras
Maquetas
Modelos de papiroflexia, ou representación en papel, para montar
Figuras xeométricas
Aplicacións de carácter científico para PC ou para móbil; algunhas de ciencia cidadana. Google maps, Stellarium
Páxinas web e portais científicos
Simuladores de diferentes procesos (sismos, impactos de meteoritos, procesos químicos, etc)
Vídeos de diversas coleccións e programas divulgativos
Presentacións con diferente formato
Coleccións xeolóxicas e biolóxicas do centro e particulares

Durante o curso 2021/2022 incorporáronse os cursos de 3º da ESO ao proxecto EDIXGAL, polo que neste curso 22/23 contaremos cos materiais proporcionados pola Consellería a través de dito proxecto dixital. Os libros de texto impresos procedentes do banco de libros do centro, serán utilizados na aula polo alumnado a criterio do profesor e se a situación, proceso de aprendizaxe ou a práctica docente así o require.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O obxectivo desta avaliación inicial é detectar os coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das destrezas básicas que o alumnado ten sobre as Ciencias da natureza para poder avanzar nun nivel académico superior en materias novas. Na avaliación inicial, a procura de información realizarase a través de preguntas orais na aula, plantexamento de exercicios, e/ou probas escritas de coñecementos previos. A revisión desta información permitirá levar a cabo una diagnose inicial a partir da cal adoptaranse as medidas oportunas para acadar os obxectivos de aprendizaxe propostos.

As decisións tomadas permitirán adoptar medidas como aplicación de reforzos específicos en determinados contidos, que poden afectar a parte do alumnado ou a todo o grupo. Como consecuencia desta diagnose poderán realizarse axustes na Programación, variando a secuenciación, a temporalización etc que permitan adecuar a aprendizaxe á

situación real dos nosos alumnos. Estratexias:

- Observación: directa ou indirecta, non sistemática, sistemática ou verificable (medible) do traballo na aula, laboratorio ou talleres. Poderanse utilizar rexistros, escalas ou listas e o rexistro persoal anecdótico de cada un dos alumnos. É apropiado probar habilidades, valores, actitudes e comportamentos.
- Recollida de opinións e percepcións: para o que se adoitan empregar cuestionarios, formularios, entrevistas, diálogos, foros ou debates. É conveniente avaliar habilidades, destrezas, habilidades, valores e actitudes.
- Producións do alumnado: de todo tipo: escritas, audiovisuais, musicais, corporais, dixitais e en grupo ou individuais.
- Realización de tarefas ou actividades: en grupo ou individualmente, de forma secuencial ou puntual. Adoitan presentarse como problemas, exercicios, respostas a preguntas, retos, webquest e convén avaliar coñecementos, habilidades, habilidades, habilidades e comportamentos.
- Realización de probas obxectivas ou abertas: cognitivas, prácticas ou motrices, estándar ou propias. Empréganse exames e probas ou probas de rendemento, que sexan apropiadas para comprobar coñecementos, habilidades e destrezas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	8	8	4	4	8	8	8	8	9	9
<b>Proba escrita</b>	55	40	75	70	65	65	55	45	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	45	60	25	30	35	35	45	55	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	8	4	5	5	4	100
<b>Proba escrita</b>	60	75	70	60	70	62
<b>Táboa de indicadores</b>	40	25	30	40	30	38

### Criterios de cualificación:

A cualificación do alumnado en cada avaliación será o resultado das cualificacións obtidas nos seguintes apartados, tendo en conta a ponderación proposta:

a) Probas/actividades obxectivas de avaliación:

- Ponderación 60%: Poderán ser escritas ou orais. Estas probas poderán tratar aspectos de diversa índole: preguntas/definiicións curtas, interpretación de gráficas ou esquemas, resolución de problemas, explicacións con argumentacións, preguntas tipo test, de elección múltiple, de asociación ou correspondencia, de alternativas (V/F, si/non, correcto ou incorrecto) e calquera outra que o profesor considere oportuna para a obxectiva avaliación do alumnado. Ditas probas deberan levar indicado o valor numérico de cada apartado.. A puntuación destas probas será de 0 a 10 puntos.

Temporalización: Haberá, como mínimo, unha proba obxectiva por avaliación en 3º ESO

En todas elas, e para acadar a puntuación máxima, terase en conta tamén os aspectos formais referentes a corrección e claridade na expresión escrita/oral, uso dun vocabulario axeitado, caligrafía coidada e lexible, presentación correcta.

Se un/unha alumno/a non se presenta a unha destas probas obxectivas, a materia correspondente a dita proba

poderá incluírse para ser avaliada na seguinte proba que se realice, ou na data que o profesor considere oportuno.

b) Actividades / Tarefas diversas propostas polo docente e actitude do alumno cara a materia:

- Ponderación 40%: Realizados na aula, no laboratorio ou na casa. Estas tarefas incluírán: exercicios propostos polo profesor, elaboración de presentación ou traballos expositivos, caderno de clase, caderno de laboratorio (se é o caso), probas curtas de control sobre os contidos sobre os que se está traballando para valorar o grao de adquisición de coñecementos ata o momento, ou calquera outra que o profesor considere oportuna para a adquisición de competencias do alumnado.

Nestas Tarefas /Traballos/Actividades/Caderno de clase e/ou laboratorio valorarase:

- Contidos: Contén a totalidade das tarefas, apuntes de clase, puntos a desenvolver nun traballo, etc.

- Aspectos formais: Limpeza-orde. Coida a secuenciación, marca as diferentes partes (título, temas), respecta marxes, non ten tachóns. Ortografía, Expresión escrita e Caligrafía. Exprésase correctamente, coida as regras ortográficas, responde con exactitude ao que se lle pide, a súa caligrafía é legible e coidada. Presentación. Personaliza os seus traballos, utiliza os formatos solicitados en cada actividade.

Despois das datas límite non será recollido ningún dos materiais (traballos/caderno/tarefas/actividades) mencionados.

- Actitude do alumno/a: Para valorar este apartado, a cualificación correspondente virá determinado por unha rúbrica na que se terá en conta o interese, esforzo e desenvolvemento da súa curiosidade, reflectido a través dos seguintes ítems: grao de cumprimento diario do traballo na aula, grao de cumprimento diario do traballo para casa, realización de traballos voluntarios pertinentes coa materia, presenta as tarefas/traballos con claridade e corrección, respecto ás persoas e ao medio natural e escolar, participación activa, correcta e coherente, nas dinámicas de aprendizaxe, na aula, no laboratorio e/ou nos espazos habilitados para tal efecto, disposición e boa actitude para o traballo tanto individual como en equipo, trae o material necesario para o correcto desenvolvemento do traballo.

- Na rúbrica mencionada anteriormente, todos os apartados terán a mesma puntuación. En cada un deles contempláranse catro opcións: Nunca ou case nunca 0(0ptos.); Algunhas veces 1(0,025ptos.); Frecuentemente 2 (0,05ptos.) e Sempre ou case sempre 3 (0,1ptos.)

Unha vez realizado ese cálculo sobre os apartados considérase aprobado aquel alumno que obteña una nota igual o superior a 5.

Implicacións das accións ilícitas respecto ao proceso de aprendizaxe

Entre os obxectivos fundamentais que temos a obriga de contribuir a desenvolver no alumnado como docentes están: asumir responsablemente os seus deberes e desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual, preparándose para o exercicio da cidadanía comprometida e capaz de tomar decisións dende a responsabilidade. Tendo en conta estes obxectivos, tomaranse as seguintes medidas fronte a accións inadecuadas:

o No relativo a exercicios ou actividades encomendadas polo docente, copiar todo ou parte do traballo dun/ha compañeiro/a suporá a adxudicación automática dunha cualificación de 0 puntos nesa tarefa/actividade. Se o/a alumno/a presenta un produto/actividade do que non ten a propiedade intelectual, non realizada por el senón obtida ou copiada de Internet (plaxiada) ou por calquera outro medio, o profesorado poderá plantexar ao discente as cuestións que considere necesarias para contrastar se existe correlación entre o presentado e o nivel do alumno. En caso de non darse a adecuada correlación a cualificación da devandita actividade será de 0 puntos

o Accións graves destinadas a obter ou proporcionar información ilícita (mirar o libro, caderno, follas de notas - chuletas-, cambio ou intercambio de exames, móbiles, MP3, MP4, reloxos ou calquera tipo de aparellos electrónicos, mirar o exame dun compañeiro, amosar o propio etc.) Interrupción da proba e adxudicación automática dunha cualificación de 0 puntos, debendo o alumnado implicado recuperar dita parte no mes de xuño.

o Accións que perturben ou alteren o normal desenvolvemento da proba (falar sen autorización durante a proba, facer ruídos, facer muecas, sentarse de forma incorrecta, utilizar calquera material sen autorización, etc.) Interrupción da realización da proba e emprazamento ao alumnado implicado a súa realización cando o profesorado considere oportuno.

o Ante calquera evidencia sobre a proba escrita de que determinada información foi obtida ou proporcionada ilícitamente (posible uso de aparellos electrónicos, presenza na proba de información non requerida ou non explicada polo profesor, coincidencias evidentes con exames de compañeiros, ...) o profesor/a poderá en sesión posterior requerir a repetición da proba coa materia relacionada co exame, escrita ou oralmente.

## **Criterios de recuperación:**

Aqueles alumnos que non acaden una puntuación igual ou superior a 5 nalguna avaliación poderán recuperala mediante as seguintes medidas:

o Realización de proba/s obxectiva/s (escrita/oral) que terá/n lugar ao longo do curso. Os contidos centraranse nos correspondentes a/as avaliación/s suspensa/s

o Enténdese que a avaliación está recuperada cando a cualificación obtida nestas probas (puntuadas sobre 10 puntos) é igual ou superior a 5.

o A nota obtida nestas probas obxectivas representará o 60% da cualificación, aplicándose a baremación referida anteriormente igual que ao resto do alumnado (respecto ao 40% restante pode mellorar o acadado na avaliación correspondente presentando as tarefas novamente).

o Se un alumno non se presenta a unha destas probas obxectivas, dito exame repetirase cando o profesor o considere oportuno, podendo repetir dita proba no mes de xuño.

#### Cualificación final

Con carácter xeral, para superar a materia requírese a superación das tres avaliacións, podendo superarse cunha avaliación suspensa sempre que a cualificación da mesma non sexa inferior a 4, e a media das tres avaliacións (sen redondeo) sexa igual ou superior a 5. A cualificación final na ESO será a media das notas obtidas nas tres avaliacións. Para o cálculo das notas finais na ESO, aplicarase o redondeo ás décimas de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos. Cando un alumno realizou unha recuperación, e aos efectos do cálculo da nota final, terase en conta a nota acadada nesa recuperación.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Segundo o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 25, punto 4: "As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente."

Non obstante, para o caso de que non aprobasen o Ámbito Científico e mantengan opcións de recuperar a materia pendente, recibirán periodicamente bloques de tarefas que lle permitan a súa superación.

Entregaráselle un bloque de actividades no 2o trimestre e outro no 3o, que estaran accesibles no seu curso ordinario de E-dixgal, onde se concretarán tamén as datas límite de entrega.

O seguimento da materia pendente realizarao a profesora do Ámbito Científico Tecnolóxico. A materia quedará aprobada se se superou o Ámbito Científico Tecnolóxico; porén, tamén se poderá considerar aprobada cando nas tarefas entregadas obtenzan unha nota de 4,5 puntos ou superior.

### 6. Medidas de atención á diversidade

O profesorado ten que estar atento aos diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolve cada alumna ou alumno na aula, e a partir deles diseñar estratexias diferenciadas. Polo que ten que ser o propio profesor o que ten que orientar a súa intervención en función da diversidade de formas de aprendizaxe que poidan darse entre o alumnado.

Utilízanse materiais e recursos didácticos que inclúan numerosas Actividades de Reforzo, Consolidación e de Ampliación en función da medida necesaria a aplicar, que permiten diversidade de tratamentos para que haxa una adecuada comprensión dos contidos ou procedementos. Esta variedade de recursos en cada unidade didáctica permite que o profesorado poida desenvolver diferentes estratexias de ensino e facilitar así que todos e cada un dos alumnos/as poidan acadar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos da etapa. As actividades poderán variar segundo o alumnado, e non todo o alumnado deberá realizar todas as actividades, o que posibilita o afondamento das mesmas atendendo a diversidade no grao de desenvolvemento intelectual, coñecementos e capacidade persoal de cada un.

Debido ás diferenzas no ritmo de aprendizaxe entre o alumnado e para garantir que acaden un nivel mínimo ao final



da etapa, programaranse recuperacións como novas oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento.

Aqueles casos que requiran medidas de atención a necesidades educativas especiais, estas elaboraranse en colaboración co Departamento de Orientación tendo en conta as medidas de atención á diversidade propostas pola Administración Educativa.

A atención á diversidade, dende o punto de vista metodolóxico, debe estar presente durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe e levar ao profesorado a:

- Detectar os coñecementos previos do alumnado ao comezo de cada unidade. Ao alumnado no que se lle detecte unha lagoa nos seus coñecementos, débese propor unha educación compensatoria, na que o traballo en situacións concretas debe desempeñar un papel importante.
- Asegurar que os novos contidos que se imparten conecten cos coñecementos previos e sexan adecuados ao seu nivel cognitivo (aprendizaxe significativa).
- Identificar os diferentes ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas e establecer as adaptacións correspondentes.
- Procurar que a comprensión por parte do alumnado de cada contido sexa suficiente para unha axeitada aplicación e enlazar cos contidos que se relacionan con el.

A resposta educativa á diversidade é o eixo fundamental do principio de individualización do ensino. O tratamento e atención á diversidade realízase dende o enfoque didáctico dos distintos tipos de actividades a realizar na aula, que poden ser:

- Actividades de reforzo, concretar e relacionar os distintos contidos. Consolidan os coñecementos básicos que se espera que acade o alumnado, manexando de forma reiterada os conceptos e procedementos. Á súa vez, contextualizan os diversos contidos en situacións moi variadas.
- Actividades finais de cada unidade didáctica, que serven para avaliar de forma diagnóstica e sumativa os coñecementos e procedementos que se espera que acade o alumnado. Tamén serven para atender a diversidade do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe, dentro das diferentes pautas posibles nun grupo-clase, e de acordo co coñecemento e desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Desenvolvemento sostible e medio ambiente	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde, incluíndo afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Comunicación audiovisual e competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - O emprendemento e a creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X



	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Desenvolvemento sostible e medio ambiente	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde, incluíndo afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Comunicación audiovisual e competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - O empreñemento e a creatividade	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

O desenvolvemento que favoreza os valores que promovan a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, así como os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. En concreto, debe fomentarse o coñecemento da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto ao ser humano, dereitos e o rexeitamento á violencia terrorista e calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluíndo o estudo do Holocausto xudeu como acontecemento histórico, o respecto á pluralidade e o estado de dereito, a evitación de comportamentos e contidos e estereotipos sexistas que impliquen discriminación e denunciar os riscos de explotación e abuso sexual e as situacións de risco derivadas do uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

A incorporación de elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, así como a protección fronte ás emerxencias e catástrofes, e no ámbito da educación e da seguridade viaria, os elementos curriculares impulsarán actuacións de mellora da convivencia e da prevención de accidentes de tráfico, de xeito que estudantes coñecer os seus dereitos e deberes como usuario das vías, como peón, viaxeiro e condutor de bicicletas ou vehículos a motor, respectar as normas e a sinalización, e favorecer a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con accións adecuadas dirixidas para evitar accidentes de tráfico e as súas consecuencias.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Museo de Ciencias naturais Luís Iglesias	Visita ao Museo de Ciencias naturais Luís Iglesias en Santiago de Compostela			X
Visita a un centro de investigación	Visita a centro de excelencia investigadora como o CIMUS e o CIQUS no Campus da USC	X		
Charlas científicas	Programa A Ponte (charlas/talleres educativos ofertados pola Consellería de Educación)		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Divulgación científica	Participación en diversas sesións de monólogos científicos, charlas de escritores de divulgación científica que se ofertarán no centro		X	
Xeorrutas	Visitas ao Patrimonio Xeolóxico tan importante co que conta a nosa comunidade, e tan necesaria a súa posta en valor.		X	X
Viaxe didáctica	Viaxe didáctica por algún punto de interese natural galego.		X	X
Saídas natureza	Saídas na contorna do centro para realizar diversas observación (flora, fauna, xeoloxía)		X	X
Bibliografía científica	Colaboración coa biblioteca en calquera das actividades relacionadas coas Ciencias	X	X	X

**Observacións:**

A programación das actividades complementarias ten que ser obrigatoriamente flexible e aberta a modificacións ou inclusión de novas propostas que xurdan durante o curso escolar.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.1. Obxectivos ben definidos
1.2. Temporalización axeitada ao seu correcto desenvolvemento.
1.3. Planificación das sesión flexible, preparando actividades e recursos axustados ás necesidades e aos intereses do alumnado en canto ao seu número, duración e dificultade.
3.3. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
4.5. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.

Metodoloxía empregada
2.1. Expón situacións que introduzan a unidade.
2.2. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
2.3. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
3.1. Resume as ideas fundamentais ao remate da unidade.
3.6. Desenvolve os contidos de forma ordenada e comprensible para o alumnado.
4.3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
4.4. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3.4. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
Medidas de atención á diversidade
4.2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
4.7 Propón e aplica as medidas de atención a diversidade necesarias
Clima de traballo na aula
2.4. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
2.5. Realiza propostas de aprendizaxe colaborativo das actividades.
3.5. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
1.4. Coordinación co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia
3.2. Os conceptos novos relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; realízanse preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3.7 Inclúe elementos transversais no desenvolvemento dos contados
4.6. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
Outros
4.1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.

### Descrición:

A través da recollida de información nas reunións periódicas do departamento, reunións da comisión pedagóxica e reunións de avaliación realízase una revisión e análise dos resultados obtidos. A todo isto temos que engadir a experiencia diaria do docente na aula que aporta información inmediata; a avaliación continua é un instrumento fundamental para realizar aqueles cambios que repercutan na mellora do proceso de ensino e aprendizaxe

Nesta avaliación terase en conta os seguintes aspectos:

- Metodoloxía utilizada
- Obxectivos acadados

- Nivel de adquisición dos contidos
- Adecuación dos criterios de avaliación programados
- Actividades de aprendizaxe e de avaliación empregadas
- Materiais e recursos utilizados
- Medidas de atención a diversidade

Esta avaliación ten como finalidade a realización de modificacións na programación conducentes a una mellora nos resultados.

Respecto a avaliación global, na memoria final reflectiranse o grao de consecución de logros, as dificultades atopadas, as modificacións realizadas e as propostas de mellora a aplicar.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino na práctica docente:

1. De planificación:
2. De motivación do alumnado:
3. De desenvolvemento do ensino:
4. De seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe:

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Nas reunións do Departamento de Ciencias da Natureza o profesorado intercambiará información que permita determinar o grao en que o alumnado consegue acadar os obxectivos establecidos no Programación Didáctica e así, coñecidas as principais dificultades atopadas, tomar as decisións que permitan reconducir os erros e afrontar os problemas de aprendizaxe. Realizarase un seguimento da Programación con carácter mensual.

Os instrumentos de recollida de datos variarán en función dos aspectos que se valoren. Entre eles consideraremos:

- Caderno de profesor: con follas de rexistro para os aspectos máis cuantificables, apartados de observacións que permiten recoller situacións ocorridas na clase que o profesorado considere salientables
- Cuestionarios e encuestas a cumprimentar polo alumnado
- Rúbricas de autoavaliación que permitan cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos

Ao remate tanto da 1ª como da 2ª avaliación analizaranse os resultados académicos do alumnado, o cumprimento do programado inicialmente e as medidas e modificacións feitas de se lo caso, e realizaranse as propostas de mellora que se consideren oportunas.

Ao remate de cada curso, é dicir tras a avaliación 3ª e final, revisarase a Programación Didáctica inicial a partir dos datos recollidos no seguimento das programacións e das cualificacións obtidas polo alumnado. Serán avaliados os seguintes elementos:

- A idoneidade da selección, distribución e secuenciación dos obxectivos e contidos.
- A idoneidade da metodoloxía seguida e dos materiais e recursos didácticos empregados.
- A adecuación dos criterios de avaliación .
- A eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación. Revisión dos criterios de cualificación.
- As medidas de atención á diversidade empregadas e, en particular, as adaptacións curriculares individualizadas, ou reforzo educativo en Bioloxía e Xeoloxía aplicado a determinados alumnos e alumnas de 1º e 3º de ESO principalmente
- O programa para a recuperación de materias pendentes de superar, de cursos anteriores.
- O uso dos indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

As modificacións que se desprendan desta avaliación serán incorporadas á Memoria final do Departamento xunto cunha proposta de medidas correctoras que se terán en conta no deseño da Programación Didáctica do seguinte curso.

## 9. Outros apartados